

VI CARREIRA POPULAR

Concello de Friol

DOMINGO 22 DE ABRIL DE 2018

ÁS 11:15

REGULAMENTO

REGULAMENTO DA PROBA

_ A VI Edición da Carreira Popular de Friol está organizada conxuntamente polo CPI

Dr. López Suárez e o Concello de Friol

_ Poderán participar na proba todas aqueles que o desexen.

_ Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descalificación dos atletas acompañados.

_ dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.

_ Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe subministrado pola organización excepto para os propietarios de chip amarelo que poden utilizalo seu.

_ Todos os participantes polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome coma da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e na internet.

_ Todas as reclamacións deberán ser dirixidas ao xuíz árbitro da competición cun prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión. A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

_ A organización disporá dos seguros pertinentes segundo a normativa vixente.

_ A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

_ A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

CARREIRAS DE MENORES

Se disputarán a partir das 11:15 da mañá no entorno da Colexio da localidade de Friol . As categorías, as distancias e os horarios de cada un deles son as seguintes:

Categoría Pitufos: 2013 e posteriores	100 metros	11:15
Categoría Prebenxamín: 2011/2012	300 metros	11:20
Categoría Sub 10: 2009/2010	700 metros	11:25
Categoría Sub 12: 2007/2008	1400 metros	11:30

Categoría Sub 14: 2005/2006

1400 metros

11:40

CATEGORÍA ABSOLUTA

Disputarase a partir de las 12:00 da mañá no entorno do Colexio da localidade de Friol sobre un circuito de 5 Km.

As categorías, tanto no apartado masculino como femenino, son as seguintes:

Categoría Sub 16: 2003/2004

Categoría Sub 18: nados no 2001/2002

Categoría Sub 20/Sub 23: nados nos anos 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000

Categoría C: nados entre os anos 1995 e 1984

Categoría D: nados entre os anos 1983 e 1979

Categoría E: nados entre os anos 1978 e 1974

Categoría F: nados entre os anos 1973 e 1969

Categoría G: nados entre os anos 1968 e 1964

Categoría H: nados entre os anos 1963 e 1959

Categoría I: nados entre os anos 1958 e 1954

Categoría J: nados no ano 1953 e anteriores

Na carreira absoluta tamén se establecerá unha **clasificación por equipos**, tanto no apartado masculino como no femenino. A puntuación se realizará pola suma dos tempos dos catro primeiros integrantes do equipo.

INSCRIPCIÓNS:

Categorías de menores: Farase a inscrición das categorías de menores a través de dúas formas:

Na web www.championchipnorte.com

Na web do Concello www.concellodefriol.es indicando Nome, apelidos, data de nacemento, sexo e club se pertencese a algún.

Carreira Absoluta: Inscripcións on-line na páxina: www.championchipnorte.com No caso de que non sexas usuario, debes darte de alta no apartado “REXISTRARTE” e seguir as instrucións para formalizar as inscricións que desexes en www.championchipnorte.com

A inscrición da carreira terá un coste de **3 € para os propietarios de chip amarelo** do chip amarelo de championchip + 1 € de aluguer para os non propietarios

A inscrición para as categorías sub 16 e sub 18 será gratuita

PREMIOS

Categorías de Menores: Os tres primeiros de cada categoría levarán un trofeo conmemorativo da carreira, agás os da categoría de pitufos, que non será competitiva. Asimesmo, a todos os atletas das categorías de menores se lles entregará una medalla conmemorativa do evento

Carrera Absoluta: Trofeos os tres primeiros clasificados de cada categoría. Os tres primeiros absolutos (tanto masculino como feminino) levarán un produto típico da zona

Os tres primeiros equipos da categoría masculina e da categoría feminina levarán un trofeo

A todos los participantes se lles entregará una camiseta conmemorativa da carreira

PERCORRIDO:

A carreira terá un percorrido de 5 km e a saída terá lugar diante do Colexio de Friol, na Praza de España. Dende ahí xiraremos a dereita tomando a Avenida de Lugo. Pasada a gasolinera, collemos a carretera de Ousá ata a rotonda, onde se tomará a circunvalación de Friol dirección o pobo. Alí collemos a Rúa Santa Isabel ata enlazar outra vez ca Avenida de Lugo. Unha vez que se chega a altura do Colexio, darase unha volta o mesmo para entrar en meta.

ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE CHAMPIONCHIP.

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba (22 de Abril) na carpa da organización sita diante do Colexio de Friol de 9:30 a 11:00.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA

_ Aparcadoiros: os atletas disporán dunha zona de estacionamento nas inmediacións do propio Centro Educativo

_ Duchas: unha vez rematada a proba estarán a disposición dos atletas as duchas nas instalacións polideportivas do propio Colexio

INFORMACIÓN E RESULTADOS:

Os resultados da carreira popular estarán dispoñibles na páxina web oficial da proba www.championchipnorte.com e na páxina web do Concello de Friol.

ASISTENCIA MÉDICA Y SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta.

Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A organización non se fará responsable de calquera tipo de dano material ou moral que se poda ocasionar como consecuencia da participación voluntaria neste evento. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ránking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

CROQUIS DO PERCORRIDO

